


Humor



XFB



XFB 16-5-82



# En galego,... xa, si

Boletín do Equipo de Normalización Lingüística do C.P.I. José García  
Nº 4 decembro de 2007

Neste novo boletín iniciamos a publicación dunha pequena historia da lingua galega a través dun poema de Darío Xoán Cabana que reflicte o nacemento e a evolución da nosa lingua.

I

*Miñas donas e señores,  
nenos, vellos e medianos,  
esta historia verdadeira  
xa comeza cos romanos.  
Era unha vez unha terra  
que Gallaecia era chamada,  
onde habitaban moitas tribos  
nunha idade antepasada .  
Fabricaban xoias de ouro  
de fina ourivesaría,  
mais as linguas ignoramos,  
pois ningunha se escribía.  
Chegaron despois de Roma  
xentes ben organizadas,  
que gañaron esta terra  
polas armas esforzadas.*